

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Concellería de Igualdade e Diversidade

*Decreto do alcalde da Coruña do 5 de decembro de 2018 relativo á creación do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña e aprobación das súas normas de funcionamento*

Decreto do alcalde da Coruña de 5 de decembro de 2018 de creación do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña e aprobación das súas normas de funcionamento

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A exposición de motivos do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello da Coruña de 2 de novembro de 2004 (BOP núm. 285, do 13/12/2004) sinala que “as sociedades do século XXI han establecer as bases dos novos modelos urbanos, que atraian e vinculen a cidadanía na construción do futuro da súa cidade. “O Concello da Coruña comprometeuse no deseño dunha estrutura urbana diferente, onde se aglutinen as inxerencias e as accións de todos aqueles compoñentes cidadáns dispostos a participar na transformación da súa comunidade, obrigándose a desenvolver criterios permanentes de mellora nos seus esquemas de xestión. A partir desta realidade, nace un moderno sistema de organización baseado no concepto metodolóxico de “rede”, de maneira que a colaboración real e activa de administracións públicas, entidades cidadás e iniciativas privadas incrementan as posibilidades de desenvolvemento da cidade. Con esta estratexia mellórase a identificación de demandas, coordínanse esforzos, rendibilízanse recursos e complementáanse accións, á vez que se dispoñen de diferentes perspectivas de avaliación tanto de procesos, como dos resultados”.

A participación cidadá integra así, un conxunto de iniciativas que relaciona á persoa e á colectividade na construción das políticas públicas para facer así máis eficaz a toma de decisións. Ao mesmo tempo, a participación posibilita a corresponsabilidade cidadá na construción do seu propio benestar nunha realidade cambiante e diversa.

O Regulamento orgánico de participación cidadá do concello prevé no apartado 3 do seu artigo 2 que, ademais dos órganos de participación establecidos nel, a persoa titular da Alcaldía poderá crear consellos de participación cidadá de carácter sectorial. A súa composición, as funcións e as normas específicas de funcionamento serán determinadas polo Decreto que aprobe a súa creación, sen prexuízo do que establece o propio regulamento.

Así mesmo, en no ámbito da igualdade, a letra o) do artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, de acordo coa Disposición final primeira do Real decreto Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero), sinala que os municipios, en todo caso, exercerán as súas competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.». No ámbito da lexislación estatal o marco ven dado pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e pola Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. A nivel galego, hai que ter en conta o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola Igualdade de trato e non discriminación de persoas LGTBI en Galicia.

No eido das políticas públicas en torno á igualdade de xénero, débese ter en conta un enfoque dual para a súa abordaxe.

- Por un lado, a incorporación do principio de transversalidade ou enfoque de xénero a toda a planificación e xestión pública, directamente vencellado ás ideas de gobernanza e transparencia.
- E, por outro, a realización de políticas sectoriais específicas no eido da igualdade.

Do primeiro enfoque deu conta a aprobación pola Xunta de Goberno Local da Instrución de Transversalidade de Xénero (BOP 12/04/2016) e a posta en marcha e funcionamento de estruturas internas, a nivel técnico e político para a súa aplicación.

Do segundo enfoque da conta o desenvolvemento dun conxunto de programas e actuacións municipais específicas dirixidas á abordaxe directa das causas estruturais das desigualdades en función das diversidades existentes.

Despois da andadura realizada nos tres últimos anos co dobre enfoque sinalado, precísase agora dunha nova estrutura participativa no concello, específica para o cambio de modelo de sociedade. çç

e actuacia, permita a necesaria retroalimentación do ámbito da igualdade e das diversidades afectivo sexuais coa finalidade principal de facilitar a participación e coordinación de accións e estratexias entre institucións, organizacións e cidadanía que traballan para que A Coruña sexa unha cidade comprometida coa igualdade, e na que a diversidade por razón de sexo, orientación ou identidade sexual sexa un valor e non causa de discriminacións directas ou indirectas das persoas. En definitiva, un espazo no que teñan cabida todas aquelas persoas e colectivos que traballan pola inclusión social e política das mulleres e persoas LGTBQI desde diferentes ámbitos e perspectivas.

O Consello Municipal de Igualdade configúrase, así, como un espazo que busca o traballo conxunto co capital social da cidade, mediante a cooperación e a articulación dunha rede estable de cooperación e colaboración mutua, poñendo en común os recursos existentes, favorecendo sinerxias e actuando baixo os principios e valores de coñecemento mutuo, confianza, lexitimidade das diferentes alternativas, e compromiso cidadá.

En suma, un espazo para debater, propoñer, informar, asesorar, revisar e para avanzar no cambio de modelo social, desenvolvendo políticas municipais e accións na cidade que permitan avanzar e asegurar a construción democrática e plural dunha sociedade igualitaria e inclusiva das diversidades, especialmente, das relativas ao xenero e á súa interseccionalidade con outras diversidades.

## TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

### ARTIGO 1.-Obxecto.

Estas normas teñen por obxecto a regulación do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña

### ARTIGO 2.-Natureza xurídica.

O Consello Municipal de Igualdade é un órgano para a participación cidadá, colexiado e de carácter sectorial, de natureza consultiva e propositiva no Concello da Coruña no ámbito da igualdade de xénero e das diversidades afectivo sexuais.

Se constitúe como un espazo para debater, asesorar, informar, debater, estudar, revisar, propor e traballar en rede, e que ten como obxectivo facer achegas ás políticas, liñas e accións municipais no ámbito da igualdade de xénero e das diversidades afectivo sexuais.

2. Recoñéceselle, así mesmo, a lexitimidade e o liderado suficiente para que se converta nun espazo ao que facer chegar propostas sobre as políticas municipais en materia de igualdade de xénero e diversidades afectivo sexuais, e que poida definir criterios e emitir recomendacións ao concello coa finalidade de orientar as liñas ou as directrices xerais en materias da súa competencia.

3. O Consello ten carácter consultivo, isto é, ten capacidade para emitir opinións e facer propostas. Estas non serán vinculantes, mais remitiránelles aos órganos de goberno municipais con competencias relativas á aprobación de gasto e responsabilidade na implementación das distintas políticas e programas.

### ARTIGO 3.-Obxectivos.

a) Converterse nun foro onde se expoñan iniciativas específicas do concello, así como as das entidades e colectivos que compoñen o Consello.

b) Orientar como órgano consultivo a política municipal no ámbito da igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual.

c) Analizar a situación social da Coruña co fin de valorar e de optimizar as actividades e os recursos da concellería competente en materia de igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual, así como os das propias entidades e colectivos que integran o Consello.

d) Participar no establecemento de obxectivos xerais e específicos da política municipal de igualdade, especialmente na transversalidade da mesma no conxunto das políticas municipais.

e) Coñecer e valorar as liñas orzamentarias municipais en materia de igualdade de xénero, así como elaborar e dirixir as propostas orzamentarias que considerar.

f) Construír un espazo de traballo en rede co fin de axilizar e ser mais eficaz nos cometidos ordinarios e extraordinarios do Consello.

#### **ARTIGO 4.-Funcións.**

Corresponderán a este Consello, dentro do ámbito das súas competencias, lograr o cumprimento das seguintes funcións:

a) Fomentar un proceso de organización social baseado nos valores de coñecemento mutuo, confianza, lexitimidade das diferentes alternativas, cooperación e compromiso cidadán.

b) Elevar propostas para incorporar aos plans estratéxicos de cidade, así como de programas e accións concretas, especialmente daquelas que supoñan unha actuación coordinada entre entidades e institucións en materia de igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual.

c) Analizar e facer propostas de criterios e de prioridades ás liñas xerais de actuación en materia de igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual que presente o goberno municipal.

d) Analizar e facer propostas ao orzamento municipal relacionadas coa igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual.

e) Realizar estudos, presentar iniciativas e informes referidos ás eivas, necesidades e situación da cidade en materia de igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual.

f) Participar e colaborar en campañas, programas e accións destinadas á sensibilización e formación á cidadanía en materia de igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual.

g) Ser foro permanente de información, debate e análise sobre o desenvolvemento da cidade en relación coa igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual.

h) Converterse en órgano de consulta nos procesos de elaboración de normas municipais que afecten a mulleres e persoas LGTBIQ, non só durante os períodos de información pública expresa, senón tamén durante os mesmos traballos de elaboración.

Así mesmo, ser órgano de consulta daqueles asuntos que, con carácter postestativo, así o decidan a presidencia, ou o/a alcalde/esa se ten delegada a presidencia ou a Xunta de Goberno Local.

## **TÍTULO II.-COMPOSICIÓN E SELECCIÓN DO CONSELLO**

### **CAPÍTULO I.-COMPOSICIÓN E INTEGRACIÓN**

#### **ARTIGO 5.-Composición do Consello Municipal de Igualdade.**

1. Presidencia: estará presidido pola persoa titular da Alcaldía, que poderá delegar na persoa titular da Concellería delegada en materia de igualdade.

2. Vogais:

a) Representación institucional municipal: o concelleiro ou a concelleira competente en materia de igualdade.

b) Unha concelleira ou concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais presentes no Pleno do Concello. No caso de que os partidos políticos contén cunha persoa representante no Consello por formar parte da corporación municipal, non se poderá duplicar a súa representación.

b) Unha persoa representante de cada unha das entidades cidadás e cuxo obxecto social, finalidade ou actividades estiveren relacionadas co ámbito da igualdade de xénero e/ou a diversidade afectivo sexual, e comuniquen a súa vontade de participar no Consello.

c) As persoas representantes de colectivos de especial relevancia social no ámbito da igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual que así acorde o Pleno do Consello.

e) Unha persoa representante das seccións ou unidades de igualdade de cada un dos sindicatos máis representativos.

f) Persoas representantes das unidades de igualdade de organizacións empresariais e/ou de persoas profesionais autónomas, en idéntica proporción que o número de representantes de entidades sindicais.

g) 1 persoa en representación dos principais medios de comunicación locais.

h) 1 persoa en representación das asociacións de veciños e veciñas da cidade.

i) A persoa titular da presidencia do Consello Escolar Municipal, ou vogal en quen delegue.

3. A Secretaría do Consello.

#### **ARTIGO 6.-Da representación dos grupos municipais presentes no Pleno da corporación.**

As e os vogais representantes dos grupos municipais no concello serán propostos polo grupo ao que pertencen (titulares e suplentes).

#### **ARTIGO 7.-Da representación das entidades cidadás.**

1. As entidades cidadás cuxo obxecto social, finalidade ou actividades estiveren relacionadas coa igualdade de xénero ou a diversidade afectivo sexual, presentarán un escrito no que comunicarán a súa vontade de formar parte do Consello. Esta comunicación irá acompañada do acordo da entidade no que se declare que se quere formar parte do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña e no que se designe unha persoa representante, así como a súa suplente.

2. A Secretaría do Consello comprobará a concorrencia dos requisitos antes mencionados e trasladaralle un informe á Comisión Permanente e, se non houber, á Presidencia.

#### **ARTIGO 8.-Das persoas ou colectivos de especial relevancia social acordados polo Pleno do Consello.**

As persoas ou os colectivos de especial relevancia social no ámbito da igualdade de xénero e/ou a diversidade afectivo sexual deberán presentar unha solicitude para formar parte do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña. Esta solicitude irá acompañada da documentación seguinte:

a) Unha memoria que acredite a súa traxectoria e que os obxectivos da entidade e o desenvolvemento das súas actividades son acordes cos fins do Consello, que están expresados na exposición de motivos e nos obxectivos destas normas específicas de funcionamento. A memoria deberá especificar as actividades que se desenvolven na cidade da Coruña

b) O acordo no que se declare que se quere formar parte do Consello e no que se designe a persoa representante, así como a súa suplente.

2. A Secretaría do Consello comprobará que concorren os requisitos antes mencionados, e trasladaralle un informe á Comisión Permanente, e, se non houbera, á Presidencia que formulará a correspondente proposta de acordo ao Pleno nun destes dous sentidos:

a) Admisión como integrante do Consello Municipal de Igualdade.

b) Desestimación da solicitude de admisión, que deberá ser motivada.

#### **ARTIGO 9.-Perda da condición de vogal do Consello.**

1. A duración do cargo das e dos vogais integrantes do Pleno do Consello rematará ao mesmo tempo que o da corporación municipal que exercese cando foron nomeadas ou nomeados. Poderán ser tanto reelixidos ao termo do seu mandato como substituídos antes de finalizalo pola autoridade ou institucións e asociacións que lles tivesen designado, logo do coñecemento da Presidencia do Consello.

2. Perderase a condición de integrante do Consello polas causas seguintes:

a) Por propia vontade da persoa física comunicada á entidade que representa, ou por vontade da propia entidade ou colectivo ao que representa

b) Pola disolución da asociación ou da entidade a que representa.

c) Por perder algunha das condicións para acceder a ser vogal do Consello.

d) Pola falta de asistencia sen xustificar a catro sesións seguidas ou seis non consecutivas aos diferentes órganos dos que forme parte.

e) Por incumprir reiteradamente as presentes normas específicas de funcionamento do Consello e/ou perturbación grave do funcionamento do Consello.

f) Por realizar actividades, condutas ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do Consello.

g) Por finalizar a lexislatura da corporación municipal na que fose nomeado/a.

h) Por representar a unha entidade na que se constate e acredite que os seus fins, sistemas de admisión, acceso a actividades ou participación, funcionamento ou actuacións resulten contrarias ao principio de igualdade de xénero ou diversidade afectivo sexual.

3. O cesamento será acordado polo Pleno a proposta da Comisión Permanente.

No caso dos apartados a) e b) deberase dirixir escrito á Secretaría Técnica, e no suposto a) acompañar a entidade unha nova proposta de persoa titular e suplente.

No caso do apartado d), requiriráselles que ratifiquen por escrito a súa vontade de pertenceren a este Consello municipal e de participaren nas súas actividades, debendo asistir á seguinte sesión plenaria que se convoque. Caso contrario, daráselles de baixa.

O cesamento polo suposto que recollen os puntos d) e), f) e h) a comisión permanente poderá iniciar o procedemento para a baixa que deberá aprobarse posteriormente por maioría absoluta das e dos vogais do Pleno do Consello.

O cesamento polo suposto contemplado no punto g) será automático.

4. As persoas, entidades ou colectivos que sexan excluídos do Pleno por calquera dos motivos antes sinalados a excepción do punto g), non poderán volver solicitar de novo a súa incorporación ata que pase un ano desde a súa exclusión efectiva.

## CAPÍTULO II.-CONSTITUCIÓN

### ARTIGO 10.-Constitución do Consello Municipal de Igualdade.

1. Dentro do prazo de tres meses desde que entren en vigor as presentes normas específicas de funcionamento do Consello publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, realizarase a sesión plenaria constitutiva do Consello.

2. Para que o Consello se constituía validamente, requirírase a presenza da persoa titular da Presidencia e da Secretaría, así como a metade dos vogais seguintes:

- a) O concelleiro ou a concelleira competente en materia de igualdade
- b) Unha concelleira ou concelleiro en representación de cada un dos grupos municipais presentes no Pleno do concello.
- c) Unha persoa representante de cada unha das entidades cidadás cuxo obxecto social, finalidade ou actividades estean relacionadas co ámbito da igualdade de xénero ou a diversidade afectivo sexual que comunicasen a súa vontade de participaren no Consello.

3. Na orde do día desta primeira sesión deberá incluírse a proposta da Presidencia do Consello en relación coa integración ou non neste das persoas ou colectivos de especial relevancia social no ámbito da igualdade de xénero, nos termos establecidos no artigo 8 desta norma, todo iso sen prexuízo de que con posterioridade á devandita sesión se produzan novas incorporacións ao Consello.

## TÍTULO III.-ORGANIZACIÓN

### ARTIGO 11.-Órganos do Consello.

O Consello Municipal de Igualdade contará cos seguintes órganos:

- a) A Presidencia.
- b) O Pleno.
- c) A Comisión Permanente.
- d) Os grupos de traballo.
- e) A Secretaría.

## CAPÍTULO I.-A PRESIDENCIA

### ARTIGO 12.-Presidencia.

1. A Presidencia do Consello Municipal de Igualdade será ostentada pola persoa titular da Alcaldía, que poderá delegar esta función na persoa titular da concellería con competencias en materia de igualdade.

2. A Presidencia, asistida pola Secretaría, dirixe o Consello e asume a súa representación.

3. Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións, fixar a orde do día, presidir as sesións do Pleno, trasladar as propostas aos órganos de xestión e do goberno municipal e demais funcións que lle son propias en relación co funcionamento dun órgano colexiado, como, por exemplo, utilizar o voto de calidade caso de empate, moderar as sesións e dirixir as súas deliberacións, e executar os seus acordos.

Tamén lle corresponde á Presidencia:

- a) Resolver, logo de oír a Comisión Permanente, as dúbidas que se suscitaren sobre a aplicación das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.
- b) Garantir a participación cidadá.
- c) Promover a coordinación entre o Consello e o goberno municipal e os órganos de xestión do concello, co obxectivo de intercambiar información e, se se estimar necesario, propor medidas e actuacións conxuntas.
- d) Velar por que se cumpran os obxectivos propios do Consello e de que se adecúen as súas actuacións á normativa vixente.
- e) Por proposta do Pleno ou da Comisión Permanente, convidar a participar as persoas titulares doutras concellerías, ao persoal técnico, as institucións, as entidades e/ou persoas expertas nun tema concreto que foren obxecto de estudo ou cuxa opinión se quixer consultar.
- f) Solicitar a información e a documentación complementaria necesaria sobre os asuntos tratados na orde do día, así como a asistencia técnica municipal ou de carácter externo que considere necesaria e oportuna para garantir o bo funcionamento do Consello.
- g) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- h) Exercer como portavoz do Consello e a súa representación.
- i) Desempeñar cantas funcións foren inherentes á súa condición de presidenta ou presidente.

## CAPÍTULO II.-ORGANIZACIÓN DO PLENO DO CONSELLO

### SECCIÓN 1.ª.-COMPOSICIÓN E ATRIBUCIÓNS

#### ARTIGO 13.-Composición do Pleno do Consello.

1. O Pleno é o órgano máximo do Consello Municipal de Igualdade.
2. Integran o Pleno do Consello:
  - A persoa titular da presidencia.
  - A Secretaría Técnica do Consello.
  - As e os vogais sinalados no punto 2 do artigo 5.
3. Incentivarase que haxa unha representación paritaria de homes e mulleres no Pleno do Consello.
4. Convidadas pola Presidencia, ou solicitadas por maioría simple do Pleno ou da Comisión Permanente, poderán participar nas sesións con voz mais sen voto, persoal técnico municipal da Área con competencias en materia de Igualdade, de unha persoa asesora da concelleira delegada ou do concelleiro delegado con competencia en igualdade, ou calquera outra persoa técnica municipal ou persoa asesora que se considerara oportuno para os temas que se trataren nas propias sesións do Pleno.
5. O pleno poderá convidar a persoas que, pola súa recoñecida cualificación ou experiencia no ámbito de que se trate, podan asistir para a obtención de información ou toma de decisións, así como para a asistencia aos grupos de traballo que se poidan constituír. Estas persoas convidadas terán voz, pero non voto.

#### ARTIGO 14.-Atribucións do Pleno.

Son atribucións do Pleno do Consello as seguintes:

1. Aprobar as actas das sesións.
2. Avaliar e aprobar o plan anual de actividades se houbera, e as correspondentes memorias do Consello. As memorias serán, como mínimo, bianuais, e recollerán toda a actividade desenvolvida por todos os órganos do Consello.
- 3.-Aprobar liñas de actuación a partir das propostas da Comisión Permanente ou dos grupos de traballo e a avaliación dos seus resultados.
3. Elixir á persoa titular e suplente da vicepresidencia.
4. Crear e determinar a composición da Comisión Permanente.

5. Aprobar a constitución dos grupos de traballo.
6. Estudar, debater e pronunciarse sobre as diferentes propostas e informes en relación ás políticas de igualdade de xénero e diversidade afectivo sexual que foren sometidas á aprobación do Consello.
7. Realizar suxestións e, no seu caso, propor modificacións das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.
8. Aprobar a incorporación de novos vogais do Consello, así como a baixa dalgunha das persoas que estean incorporadas, logo da proposta da Comisión Permanente.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup>-FUNCIONAMENTO

### ARTIGO 15.-Clases de sesións.

- a) Ordinarias: terán lugar cando menos dúas veces ao ano.

Por proposta da Comisión Permanente, na primeira reunión do ano establecerase o calendario de sesións ordinarias do Pleno do Consello do seguinte exercicio.

- b) Extraordinarias: serán convocadas pola Presidencia, por iniciativa propia, por petición dun número de vogais non inferior ao 50% do total que integran o Pleno, ou por petición da Comisión Permanente.

### ARTIGO 16.-Orde do día e convocatoria das sesións.

1. A convocatoria das sesións ordinarias ou extraordinarias coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos a tratar, deberá comunicárselles ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación de 15 días, agás que se trate de sesións extraordinarias, que se comunicarán cunha antelación de cando menos 48 horas.

2. As convocatorias cursaranse preferentemente mediante correo electrónico ou outro medio electrónico aos enderezos que cada persoa membro do Pleno declarase como indicados para recibir comunicacións. No caso de que non fose posible, cursaranse conforme á normativa en vigor sobre procedemento administrativo.

3. A documentación correspondente a cada sesión deberá achegarse xunto coa orde do día, e poderá estar dispoñible na web municipal, debendo estar garantido o acceso aos membros do Consello e a súa seguridade.

4. As e os vogais do Consello poderán remitirle á Secretaría propostas de asuntos para que sexan incluídos na orde do día, que os enviara á Comisión Permanente para que dea a súa conformidade. A propia Comisión Permanente e a Presidencia tamén poderán propoñer asuntos, respectivamente. A orde do día será fixada cos asuntos que considere oportuno incluír a Presidencia.

### ARTIGO 17.-Carácter público das sesións.

Por proposta da Comisión Permanente e por decisión da Presidencia, determinadas sesións do pleno ou determinados puntos da orde do día poderán ter lugar na modalidade de foro aberto, onde a cidadanía poderá asistir con voz e sen voto.

## SECCIÓN 3.<sup>a</sup>-DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS

### ARTIGO 18.-Quórum.

1. Para que o pleno quede constituído validamente en primeira convocatoria e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e adoptárense os acordos, requirirase a presenza da persoa titular da Presidencia e da Secretaría, ou de quen legalmente lles substitúan, e a da metade polo menos das persoas integrantes do Pleno. Este quórum deberá manterse ao longo da sesión

2. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, as e os vogais titulares do órgano colexiado serán substituídos polas súas persoas suplentes, se as houber.

### ARTIGO 19.-Asuntos non incluídos na orde do día.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos da sesión, a Presidencia por iniciativa propia ou por petición de calquera dos vogais do Pleno do Consello poderá someter a votación que se inclúa calquera outro asunto de carácter urxente. A súa inclusión decidirase por maioría absoluta dos membros presentes do Pleno.



**ARTIGO 20.–Desenvolvemento do debate.**

No desenvolvemento das sesións procurarase crear as condicións para que poidan estar presentes todos os puntos de vista e existir condicións para expresárense todas as opinións e propostas: o obxectivo non será sempre lograr o consenso pero si deberán buscarse amplos acordos, expresións e propostas elaboradas de forma colectiva que inclúan, se as houber, as diversas opinións.

**ARTIGO 21.–Procedemento de voto.**

1. O voto será persoal e non delegable, e exercerase pola persoa vogal titular ou polo súa suplente, se a tiver.
2. O voto será público, agás que figure calquera restrición na convocatoria cursada pola presidencia ou o decida o propio Pleno por maioría, e poderá ser favorable, contrario ou abstención.
3. Os acordos ou propostas expresados mediante voto adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.
4. Entenderase que hai maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan máis da metade do número de integrantes do Pleno do Consello.
5. Caso de que o resultado da votación sexa empate, farase unha nova votación. Se persistise o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

**ARTIGO 22.–Actas.**

1. A Secretaría redactará acta de cada sesión na que se especificarán as persoas asistentes, os principais aspectos das deliberacións e os acordos adoptados.
2. O borrador da acta da sesión remitiráselles ás e os vogais do Consello, se for posible, no prazo de 20 días seguintes a que tivese lugar.
3. As actas aprobaranse na seguinte sesión. Con todo, a Secretaría poderá emitir unha certificación sobre acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
4. As actas definitivas serán públicas, publicaranse na web da Concillería con competencias en materia de igualdade e estarán á disposición de quen as requirir.

**SECCIÓN 4.ª.–DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS INTEGRANTES  
DO PLENO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE****ARTIGO 23.–Dereitos e deberes.**

As persoas integrantes do Pleno do Consello terán os seguintes dereitos e deberes:

1. Dereitos:
  - a) Realizar propostas para que sexan incluídas na orde do día.
  - b) Participar nos debates das sesións, facer propostas e formular rogos e preguntas.
  - c) Exercer o seu dereito de voto e formular, no seu caso, voto particular expresando os seus motivos.
  - d) Formar parte de calquera dos grupos de traballo que se constituán no seo do Consello.
  - e) Solicitar, a través da Secretaría Técnica, certificacións dos acordos das sesións dos órganos do Consello
  - f) Desenvolver cantas outras funcións foren inherentes á súa condición de integrante do Consello.
2. Deberes:
  - a) Cumprir as presentes normas de funcionamento do Consello e os acordos dos seus órganos de goberno.
  - b) Non ter condutas ou realizar actividades ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do Consello.
  - c) Manter unha relación continuada coas asociacións ou entidades ás que representan sobre os temas que se vaian tratar ou que se trataron no Consello.
  - f) Asistir a través dos seus representantes, con regularidade, ás reunións que teñan lugar e procurar evitar a sucesión de persoas substitutas, xustificando a falta de asistencia previamente.
  - g) Comunicar calquera cambio nos datos e dirección de contacto, así como da alteración da situación xurídica das persoas que ostentan a representación no Consello.



- h) Absterse cando os asuntos que se traten afecten a intereses particulares da entidade.
- g) Gardar a confidencialidade precisa cando a natureza do asunto o requira.

### CAPÍTULO III.-SECRETARÍA

#### ARTIGO 24.-Secretaría.

1. A Secretaría correspóndelle a unha persoa funcionaria do concello designada pola Presidencia deste.
2. As súas funcións son as seguintes:
  - a) Asistir á Presidencia e á Vicepresidencia en cantos asuntos inherentes lles sexan requiridos.
  - b) Recoller as propostas sobre puntos da orde do día.
  - c) Confeccionar a orde do día e efectuar a convocatoria das sesións e enviarlles as convocatorias por orde da Presidencia, así como as citacións ás e aos vogais do Pleno.
  - d) Redactar acta das sesións do Pleno do Consello e emitir certificacións dos seus acordos.
  - e) Levar de forma actualizada o rexistro das persoas compoñentes, representantes e asistentes dos distintos órganos do Consello, así como das altas e baixas.
  - e) Expedir certificacións.
  - f) Coordinar a redacción da memoria de actividade, e dos estudos ou de calquera outro traballo documental que fose acordado polos órganos do Consello.
  - g) Seguimento dos grupos de traballo.
  - h) Desempeñar cantas outras funcións lle foren inherentes á súa condición de secretario ou secretaria.
3. Para desenvolver as súas funcións, a Secretaría contará co apoio do persoal municipal dependente da área de goberno competente en materia de Igualdade.

### CAPÍTULO IV.-COMISIÓN PERMANENTE

#### ARTIGO 25.-Composición da Comisión Permanente.

1. A Comisión Permanente é o máximo órgano do Consello entre plenos, e é o órgano encargado da xestión ordinaria do Consello e de asumir a súa dirección cando o Pleno non estea reunido.
2. Estará integrada por:
  - a) A Presidencia: a persoa que ostente a Presidencia do Consello.
  - c) Ata un máximo de seis vogais que serán elixidos polo Pleno do Consello por proposta de calquera dos seus vogais. Alomenos tres vogais deberán ter a condición de representantes de entidades cidadás.
  - d) A Secretaría do Consello, con voz e sen voto.
3. A Presidencia poderá convidar a asistir ás sesións da Comisión Permanente a:
  - Persoal técnico da área administrativa con competencia en Igualdade
  - Persoal asesor da concelleira delegada ou concelleiro delegado con competencia no ámbito da Igualdade– Persoas relevantes no tema que se vaia a tratar.
4. As vogalías da Comisión Permanente ratificaranse cada dous anos no Pleno do Consello e serán asumidas por un prazo continuado máximo da duración do propio Pleno do Consello. Nas substitucións tentarase acadar a paridade no número de homes e de mulleres.

#### ARTIGO 26.-Funcións.

Son funcións da Comisión Permanente as seguintes:

1. Presentarlle ao Pleno para que sexan aprobados a proposta de programa e o calendario anual de actividades e a memoria de actividade ou o resumo das súas actas ao final de cada exercicio.
2. Solicitar a inclusión de puntos para tratar na orde do día de cada sesión plenaria do Consello e dar a conformidade para que se inclúan as que formule o resto de vogais do Pleno.
3. Propoñer a creación de grupos de traballo.

4. Realizar a comunicación bidireccional entre o Pleno e os grupos de traballo.
5. Solicitar a convocatoria de sesións plenarias extraordinarias.
6. Asesorar a Presidencia en relación coas cuestións que se susciten sobre a interpretación das presentes normas de funcionamento.
7. Colaborar co Concello da Coruña en temas relacionados coa igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual, así como co plan anual de actividades, xa sexa por iniciativa propia ou cando así sexa requirida por calquera dos órganos competentes.
8. Emitir os informes que lle solicite o Pleno do Consello e proporlle a este cantas medidas e resolucións estimar convenientes.
9. Informar ao Pleno do Consello do percorrido e resolución das propostas que emita o Consello.
10. Estudar e tramitar con carácter excepcional todas aquelas cuestións que, pola súa urxencia, non poidan esperar ao seguinte Pleno, no que se deberá dar conta do actuado.
11. Dar conta dos seus acordos e decisións no Pleno correspondente.
12. Coordinar a avaliación do Consello e redactar un primeiro borrador desta.
13. Todas aquelas funcións que lle atribúa o Pleno do Consello ou que non estean expresamente atribuídas a outro órgano do Consello.

#### **ARTIGO 27.-Funcionamento.**

1. A Comisión Permanente quedará validamente constituída cando concorran a Presidencia, a Secretaría e cando menos a metade dos seus integrantes na primeira convocatoria. Este mesmo quórum será preciso en cada sesión que se realice.
2. A finais do exercicio anterior propondrá os calendarios de reunións do seguinte exercicio, tanto do Pleno do Consello como o seu propio, planificando polo menos unha sesión ordinaria da Comisión Permanente entre cada sesión ordinaria do Pleno do Consello.
3. Na primeira sesión do Pleno do Consello presentaranse os calendarios de reunións para a súa aprobación, xunto coa proposta de programación anual de actividades do Consello e a memoria correspondente á xestión do anterior exercicio.
4. As sesións extraordinarias da Comisión Permanente terán lugar por decisión da Presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude da metade dos seus integrantes.
5. A convocatoria de sesión ordinaria realizarase, alomenos, con dez días hábiles de antelación, e a de sesión extraordinaria con dous días hábiles de antelación.
6. Os acordos adoptaranse por maioría simple, aínda que se procurará o consenso. En caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidencia.

### **CAPÍTULO V.-GRUPOS DE TRABAJO**

#### **ARTIGO 28.-Os grupos de traballo.**

1. Os grupos de traballo son órganos do Consello para estudares e traballaren, que teñen como función elaborar informes e propostas, e realizaren aquelas actividades que se consideren convenientes para os fins asignados en materia de igualdade de xénero e/ou diversidade afectivo sexual.
  2. Serán constituídos por acordo do Pleno do Consello e deberán darlle conta de todo o que actúen á Comisión Permanente e ao Pleno do Consello. O acordo de constitución deberá especificar as funcións que se lle encomenden e, se é o caso, o prazo para a súa constitución.
  3. Os informes e as propostas dos grupos de traballo non terán carácter vinculante.
  4. Estarán integrados, logo da aceptación, polas persoas e número de delegadas e delegados que determine a Comisión Permanente, e en cada un deles integrarase un membro da Comisión Permanente
  5. Estarán coordinados pola persoa titular da Secretaría, ou persoa funcionaria da concellería con competencias en materia de igualdade que designe a presidencia.
- Por aquela persoa vogal do pleno que designe a comisión permanente e, no seu defecto, a presidencia.

6. Ás reunións dos grupos de traballo poderán asistir as e os vogais do Consello que o solicitaren e así autorice a Presidencia, así como outras persoas expertas na materia que se trate ou que poidan facer achegas.

7. Os grupos de traballo deberán de dar conta.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

No que non está previsto nas presentes normas de funcionamento, o Consello rexerese polo que dispón a Lei de bases do réxime local, polo Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello da Coruña, polas normas que regulan o funcionamento dos órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola lexislación xeral do procedemento administrativo común e demais normas que poidan ser de aplicación.

As dúbidas que suscite a interpretación e aplicación destas normas serán resoltas pola Presidencia do Consello, oída a Comisión Permanente, sempre de conformidade co establecido na normativa vixente.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes normas de funcionamento do Consello Municipal de Igualdade do Concello da Coruña entrarán en vigor aos 15 días de se publicaren integramente no Boletín Oficial da Provincia. Serán así mesmo publicadas no portal de transparencia do Concello e na web da Concellería con competencias en materia de Igualdade.

A Coruña, 11 de decembro de 2018.

Rocío Fraga Sáenz

Concelleira delegada de Igualdade e Diversidade

2018/9274